



A seca das sobreiras

**FRANCISCO J. FERNÁNDEZ DE ANA MAGÁN e
JAIME B. BLANCO DIOS**

Sección de Fitopatoloxía do Centro de Investigacións Forestais e Ambientais de Lourizán

A superficie estudada é un predio de 26 ha sito na conca do río Arnego, na parroquia de Carmoega, pertencente ó concello de Agolada (Pontevedra), abrangue dende a beira do río ata a media encosta e está orientado cara ó medio día. Este predio forma parte dunha grande superficie de sobreiras (1.081 ha) situada á beira do río Arnego ó seu paso polos concellos de Agolada, Lalín e Vila de Cruces e que, baixo a denominación “Sobreirais do río Arnego”, constitúe un espazo natural recentemente incluído pola administración autonómica na Rede Natura 2000.

As sobreiras non son da mesma idade e presentan di-

ferentes clases diamétricas, abranguendo dende planta pequena de rexenerado ata os casos máis espectaculares nos que poden chegar a medir preto de 1,5 m de diámetro normal. Estas árbores conforman unha masa con densidades moi variables (nalgunha zona están moi mestas, noutras teñen unha densidade semellante ás devesas e con calveiros producidos pola corta de varios pés), que fan que algunhas das máis novas e cativas sexan dominadas polas de maior idade e dimensións.

O aproveitamento da cortiza, tradicional nesta área, é feito cada 9 ou 12 anos a demanda de empresas de Extremadura e

Portugal. Estas empresas compran a cortiza extraída por veciños do lugar que se dedican a estas labores, ou ben o fan con equipos propios que eles traen dende o seu lugar de orixe.

Neste predio, a penúltima saca de cortiza foi feita hai uns 13 anos e pouco despois ardeu o monte, co que colleu á planta baixa de defensas ó non ter tempo para formar unha capa de cortiza coa que protexer a capa xeneradora suberofelodérmica (carniza) das fortes temperaturas causadas polo lume. Hai dous anos, fíxose parcialmente un novo descortizado e xa se notou a irregularidade da produción e mesmo o cambio de aspecto do sobreiral, que xa comezaba a esmorecer.

Sintomatoloxía

Nos exemplares de sobreiras xa descortizados púidose observar, tanto no tronco como nas pólas, unhas grandes manchas de cor negra produto do paso do lume e onde xa non medrou a cortiza. Nestas manchas formadas pola madeira sen retidoma, medra un fungo do xénero *Stereum* que amosa ó exterior os seus carpóforos en grande cantidade. Xa na madeira puidéronse detectar unhas manchas de cor tabaco escuro moi chamativas.

Neste panorama, as sobreiras atacadas amosan un estado de enfeblecemento grande, con secas das puntas das pólas ademais dunha forte clorose que precede á súa defoliación total. En moitos casos, este dano produciu xa a morte dunha cantidade importante de planta de tódalas idades.

Na planta afectada pódense observar tanto partes sen cortiza coma con ela que, nalgúns casos, rebenta por baixo fa-